

*ANEXO II***XUNTO COA SOLICITUDE O PETICIONARIO DEBERÁ ACHEGAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

1. FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI E DO NIF OU CIF, CANDO CORRESPONDA, DO SOLICITANTE
2. CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA DO SOLICITANTE
3. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL, COA AXENCIA TRIBUTARIA E COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E COPIA COMPULSADA DO ÚLTIMO RECIBO DO IAE OU DA ALTA NEL, DE NON TER DEVENGADO AÍND A NINGÚN RECIBO POR RAZÓN DESTE IMPOSTO
4. CERTIFICACIÓN EMITIDA POLO SERVIZO PROVINCIAL DE TRANSPORTES COMPETENTE, ACREDITATIVA DE SER TITULAR DURANTE OS ÚLTIMOS DEZ ANOS, DE FORMA ININTERROMPIDA, DA AUTORIZACIÓN OU AUTORIZACIÓNS SINALADAS NO ARTIGO 7 A)
5. FOTOCOPIA COMPULSADA DO PERMISO DE CONDUCCIÓN OU DECLARACIÓN RESPONSABLE EN QUE SE INDIQUE QUE NON É O SEU TITULAR
6. CERTIFICADO OU INFORME DE VIDA LABORAL QUE ACREDITE ESTAR EN ALTA NO RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DA SEGURIDADE SOCIAL DURANTE OS ÚLTIMOS DEZ ANOS CONTINUADOS
7. FOTOCOPIA COMPULSADA DA AUTORIZACIÓN OU AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE VIXENTES EN RELACIÓNS COAS QUE SE SOLICITA A AXUDA
8. DECLARACIÓN RESPONSABLE ANTE A AUTORIDADE ADMINISTRATIVA OU NOTARIO, DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS RECOLLIDAS NO ARTIGO 6. O QUE SE ACREDITE MEDIANTE TESTEMUÑO XUDICIAL OU DOCUMENTO ADMINISTRATIVO NON HABERÁ DE FIGURAR NA DECLARACIÓN

*ANEXO III***DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ ACHEGAR UNHA VEZ CONCEDIDA A SUBVENCIÓN, PARA OS EFECTOS DE QUE SE POIDA EFECTUAR O PAGAMENTO**

1. DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPROMETÉNDOSE AO ABANDONO DEFINITIVO DA ACTIVIDADE DE TRANSPORTE PÚBLICO EN CALIDADE DE EMPRESARIO
2. SE É O CASO, DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPROMETÉNDOSE A NON UTILIZAR O TÍTULO DE CAPACITACIÓN PROFESIONAL NOUTRA EMPRESA DE TRANSPORTE
3. NO CASO DE SER TITULAR DO CORRESPONDENTE PERMISO DE CONDUCCIÓN, XUSTIFICANTE DA RENUNCIA DEFINITIVA AO PERMISO DE CONDUCCIÓN VÁLIDO PARA VEHÍCULOS PESADOS DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E/OU AUTOBUSES OU FOTOCOPIA COMPULSADA DO NOVO PERMISO DE CONDUCCIÓN

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 26 de outubro de 2006 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a

méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro) pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión

Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, complétase o sistema para avaliar ou informar as actividades docentes e investigadoras, previas á asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento do labor docente e investigador dos profesores pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 5.2º da devandita orde, por acordo da CGIACA do 24 de outubro de 2006, establecéronse os méritos que poderán ser obxecto de valoración adicional, e que se incorporan a esta resolución como anexos I e II.

De conformidade co establecido na Orde do 16 de outubro de 2006, o Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia convocará, mediante resolución, a apertura do prazo para a presentación de solicitudes para a asignación dos complementos retributivos.

Por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro) publícanse os acordos do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, polos que se delegan no seu presidente a realización das convocatorias anuais de valoración previa á asignación de complementos retributivos, polo que, en virtude das citadas competencias delegadas,

RESOLVO:

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria ordinaria e abrir o prazo de presentación de instancias, para solicitar a valoración previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora establecido no artigo 2.3º do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

Segunda.-Destinatarios.

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, poderá solicitar a valoración previa á asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior, o persoal docente e investigador das universidades públicas que compoñen o Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Terceira.-Requisitos.

De conformidade co citado artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, o artigo 6.3º da mesma

disposición, así como co disposto polo artigo 2.1º da Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, para obter a valoración, será necesario:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente e investigador, como funcionario ou como contratado doutor, de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a praza do solicitante sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza, cumprido o 30 de xuño de 2006.

4. Ter recoñecidos, o 30 de xuño de 2006, dous quinquenios de docencia pola universidade.

5. Ter recoñecido, o 30 de xuño de 2006, un sexenio de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora.

6. Valoración positiva dos méritos en que se sustente a solicitude, pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación na Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión.

Cuarta.-Solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e presentaranse ante esta no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo III a esta resolución.

Estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como nos rexistros de calquera das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia.

Quinta.-Presentación da documentación.

1. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo III.

-Fotocopia de documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Relación de méritos presentados, de entre os relacionados nos anexos I e II, acadados ata o 30 de xuño de 2006, que deberá cubrirse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo IV.

-Documentación acreditativa dos citados méritos curriculares presentados.

-*Curriculum vitae* completo en calquera dos formatos existentes (ANEP, Dirección Xeral I+ D, etc.).

2. Tanto o modelo normalizado de instancia (anexo III) como o de relación de méritos (anexo IV), deberán cubrirse en formato dixital, na aplicación informática a que se poderá acceder na páxina web: www.acsug.es. Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, deberán imprimirse e asinar debidamente. Unha vez feito isto, presentaranse ante a axencia do xeito que se establece na base cuarta, xunto cos demais documentos que se relacionan no punto anterior, sempre que non fosen remitidos telematicamente.

Sexta.-Prazo.

O prazo para presentar as instancias solicitando a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigador será de 15 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-Admisión a trámite e emenda das solicitudes.

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo cumpran cos requisitos establecidos pola Orde do 16 de outubro de 2006 e demais normativa de aplicación necesarios para admitilas a trámite.

2. A emenda dos defectos apreciados na documentación entregada deberá realizarse polos interesados no prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento de emenda, consonte o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de non atender o devandito requirimento, entenderase que desisten da súa petición.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG, poderá comprobar os datos alegados, así

como aqueles datos académicos e de investigación relevantes para a avaliación, solicitando información para tal efecto ás distintas institucións implicadas. Do mesmo xeito, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación aos méritos alegados.

Oitava.-Procedemento.

1. O procedemento para a tramitación das solicitudes farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión.

2. Os acordos de valoración adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, previos á asignación singular e individual dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, que serán notificados a cada solicitante persoal e directamente, esgotan a vía administrativa, e poderán ser obxecto de recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, os acordos de valoración adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades, para que procedan, se é o caso, os seus consellos sociais, á asignación singular e individual dos referidos complementos.

Novena.-Protección de datos de carácter persoal.

Nesta convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Lamas de Abade, s/n, IES Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Décima.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2006.

Manuel Cecilio Díaz Díaz

Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

*ANEXO I*Méritos da actividade docente
(Período 2001-2005)

1. Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: libros, capítulos de libros, separatas, artigos, traducións, software e outros materiais para a docencia.

2. Implicación na mellora da activade docente universitaria:

- a) Coordinación de curso*.
- b) Coordinación de titulación*.

3. Participación en actividades de formación docente universitaria:

- a) Dirección de cursos de formación docente de, polo menos, 20 horas.
- b) Impartición de cursos de formación docente.
- c) Asistencia a cursos de formación docente.

4. Coordinación e titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano colexiado académico)*.

5. Coordinación e titorización de proxectos de mobilidade e intercambio de estudantes: Erasmus, Erasmus Mundus e outros*.

6. Participación dos docentes en programas de mobilidade e intercambio internacionais e/ou interuniversitarios*.

7. Participación en actividades de innovación docente:

- a) Proxectos subvencionados de innovación docente.
- b) Elaboración de guías docentes.
- c) Utilización de plataformas virtuais.
- d) Participación en proxectos docentes de implantacións de ECTS.
- e) Participación en programas piloto de implantación de EEES.
- f) Participación en comités de autoavaliación, comités externos de avaliación, comisións e outros de relevancia docente*.

8. Outras actividades relacionadas coa docencia universitaria:

- a) Premios e distincións relacionados coa actividade docente.
- b) Invitacións a participar en actividades docentes.
- c) Redes docentes.
- d) Outras actividades.

9. Valoración da actividade docente universitaria: opinión dos estudantes respecto á docencia impartida polo profesorado.

* Sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

*ANEXO II*Méritos da actividade investigadora e de transferencia de coñecemento
(Período 2001-2005)

1) Actividade investigadora.

A) Teses doutorais dirixidas.

B) Proxectos/convenios-contratos con empresas-institucións.

a) Dirección/participación en proxectos competitivos de ámbito internacional.

b) Dirección/participación en proxectos competitivos de ámbito estatal.

c) Dirección/participación en convenios ou contratos de ámbito internacional.

d) Dirección/participación en convenios ou contratos de ámbito estatal.

e) Dirección de proxectos autonómicos, especialmente os dos programas sectoriais.

C) Congresos: impartición de conferencias plenas por invitación.

D) Organización da investigación:

a) Organización eventos científicos e culturais de relevancia internacional (o comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional).

b) Pertenza a comités científicos internacionais.

c) Editor ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito internacional.

d) Editor ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito nacional con difusión internacional.

e) Organización/dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, etc.

f) Dirección/participación en redes temáticas financiadas.

g) Premios e distincións relacionados coa actividade investigadora.

2) Transferencia e divulgación de coñecemento.

a) Transferencias tecnolóxicas.

b) Patentes recoñecidas internacionalmente.

c) Dirección/participación en convenios con empresas/institucións.

d) Comisario de exposicións de relevancia estatal ou internacional.

e) Informes relevantes.

f) Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia.

g) Creación de empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía.

ANEXO III

SOLICITUDE DE VALORACIÓN PREVIA Á ASIGNACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS ADICIONAIS VINCULADAS Á EXCELENCIA CURRICULAR
DOCENTE E INVESTIGADORA

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Enderezo		Data nacemento	Sexo
Código postal	Cidade	Provincia	
Teléfono	Fax	Correo electrónico	

2. DATOS ADMINISTRATIVOS

Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/>	Universidade:
Centro:	Departamento:
Área de coñecemento:	Código:
Data da toma de posesión como funcionario ou CD	de de

3. TRAMOS DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN recoñecidos ata o 30 de xuño de 2006

Tramos docentes (quinquenios). Períodos:		Tramos de investigación (sexenios). Períodos:	
1º. De a	4º. De a	1º. De a	4º. De a
2º. De a	5º. De a	2º. De a	5º. De a
3º. De a	6º. De a	3º. De a	6º. De a

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA. Sinalar cunha aspa o tipo de documentación que se xunta á solicitude.

<input type="checkbox"/>	1.-Fotocopia do DNI ou documento equivalente
<input type="checkbox"/>	2.- Relación de méritos obxecto de avaliación (anexo IV)
<input type="checkbox"/>	3.- Xustificación de méritos achegados
<input type="checkbox"/>	4.- Curriculum vitae
<input type="checkbox"/>	5.-Outros documentos (indicar cales):

EXPÓN:

Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, asumindo en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivarse das inexactitudes que consten.

Que coñece e acepta todos os requisitos e obrigas expresados na resolución de convocatoria, incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que a ACSUG lle solicite ás distintas institucións implicadas a verificación dos datos alegados, tanto académicos como de investigación, relevantes para a avaliación.

Que considero reunir todos os requisitos exixidos, polo que **SOLICITO** a concesión do complemento arriba indicado.

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

SR. PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

IES Compostela, 5º andar; r/ Lamas de Abade s/n, 15702 Santiago de Compostela

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmase de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, que ten a finalidade de avaliar as solicitudes presentadas para a asignación de complementos retributivos segundo as bases desta convocatoria. Ponse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA – Lamas de Abade, s/n – IES Compostela 5º andar, 15702-Santiago de Compostela (A Coruña).

- Marque cun X este cadro se non desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e medición da satisfacción.
- Marque cun X este cadro se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisional da valoración.

ANEXO IV
MODELO NORMALIZADO DE RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE VAN AVALIAR

ACHEGAS		
1º Apellido	2º Apellido	
Nome	DNI	
ACHEGAS COMPOÑENTE DOCENTE Á VALORACIÓN ADICIONAL		
	TÍTULO	DOCUMENTO
1ª		
2ª		
3ª		
4ª		
5ª		
6ª		
RESUMOS DAS ACHEGAS AO COMPOÑENTE DOCENTE		
1ª		
2ª		
3ª		
4ª		
5ª		
6ª		
ACHEGAS COMPOÑENTE INVESTIGADOR E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO Á VALORACIÓN ADICIONAL		
	TÍTULO	DOCUMENTO
1ª		
2ª		
3ª		
4ª		
5ª		
6ª		
RESUMOS DAS ACHEGAS AO COMPOÑENTE INVESTIGADOR		
1ª		
2ª		
3ª		
4ª		
5ª		
6ª		

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

SR. PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

IES Compostela, 5ª planta; r/ Lamas de Abade s/n 15702, Santiago de Compostela

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 19 de outubro de 2006 pola que se convoca un curso sobre formación en desfibrilación semiautomática externa (DESA) para persoal non sanitario.

Dentro do programa de actividades que o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia ten previsto realizar no ano 2006, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, de creación do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a convocatoria dun curso sobre o uso de desfibriladores externos por persoal non médico, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Proporcionar a formación necesaria para a utilización e manexo dos desfibriladores externos ao persoal non sanitario, membro das agrupacións de voluntarios de protección civil.

Conseguir aumentar as taxas de supervivencia nos pacientes con morte súbita, conseguindo un acceso precoz a un sistema de emerxencias médicas.

Acurtar os tempos para realizar reanimación cardiopulmonar e a desfibrilación precoz.

Segunda.-Destinatarios.

Membros das agrupacións de voluntarios de protección civil que dispoñan de equipo de desfibriladores externos, e que teñan feito o curso básico de protección civil e un curso de segundo nivel.

Terceira.-Desenvolvemento.

1. Prazas: o número de prazas ofertadas é de 15.

2. Duración e datas: o curso terá lugar no mes de decembro de 2006. Haberá dúas edicións, a primeira o día 14 e a segunda o día 15, cunha duración de 9 horas lectivas.

O horario será o seguinte:

-Das 9.30 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 19.30 horas.

3. Lugar: o curso realizarase na sede do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia no Concello da Estrada.

Cuarta.-Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos participantes é gratuíta.

2. O persoal que desexe participar nestes cursos deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

3. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 7 de decembro de 2006.

4. As instancias deberán estar asinadas polo xefe do organismo ao que estea adscrito e co selo deste

e, no caso de haber máis dunha solicitude da mesma entidade, deberán ser relacionadas en orde de preferencia. Este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

5. As instancias deberán enviarse por correo á sede do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, fax 986 59 09 88, ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Quinta.-Contido.

-Introdución.

-RCP básica. Recordo.

-Coñecemento teórico do DESA.

-Recollida de datos (Utstein). Mantemento do aparello.

-Exercicios prácticos:

RCP básica.

Práctica DESA.

RCP+DESA (Megacode).

Sexta.-Relación de admitidos.

A relación de participantes admitidos para a realización dos cursos exporase no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados con antelación suficiente ao inicio do curso. Tamén poden confirmar a súa admisión chamando ao teléfono 986 59 02 46 ou consultando a páxina web <http://cexesga.xunta.es>.

Sétima.-Asistencia.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, a máis dun 10% das horas lectivas programadas determinará a cualificación de non apto no curso.

Oitava.-Certificado de aproveitamento.

Ao remate do curso entregaráselles un certificado de asistencia e aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa asistencia continuada e superen as correspondentes probas de coñecementos.

Novena.-Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 19 de outubro de 2006.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director xeral do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia